

O CAFÉ DAS NUBES E UN MUNDO MELLOR

Estas son algunhas das pequenas e pequenos produtores de café do val de **San Miguel**, en **Vilcabamba (Perú)** aos que podemos apoiar:

Sr Esteban Barasorda,
ten 2 hectáreas (has.) en
Resistencia, produciu 10 quintais de
café a 450 soles/quintal non está
asociado e vende a comerciantes.



Sra Sabina Pozo,
5 has. en Esmeralda, 25 quintais/460
soles Non está asociada e vende a
comerciantes.



Sra Esther Barrios, 6 has. vive en
Chontapampa, 100 quintais a
unha media de 395 s/quintal.
Vende a comerciantes pero
tamén está asociada a unha
cooperativa e á central de
produtores, cre que "sempre
organizadamente poden acadar a calidade que lles
esixe o Comercio Xusto"



Sr Gregorio Álvarez. 6 has en Alto
Balenciayo, 74 quintais (a unha
media de 458 s/quintal). Está
asociado a unha cooperativa e a
unha central de produtores aínda
que vende a metade a comerciantes.



Para poder pertencer ao mercado de **Comercio Xusto**, van necesitar fortalecer as súas asociacións e mellorar a calidade do seu café, a cambio terán unhas relacións comerciais máis xustas e máis estables. En ámbolos dous casos podemos acompañalos no camiño, pero non o podemos facer sós, necesitamos a túa axuda como persoa colaboradora e consumidora.

Esperamos que nuns anos teñas na túa casa
Café de Comercio Xusto San Miguel!!

SABÍAS QUE TÍ TAMÉN PODES CAMBIAR O MUNDO CADA DÍA?

É tan doado como escoller un produto
que proveña do **COMERCIO XUSTO!!**

As relacións comerciais no **COMERCIO XUSTO** baséanse no diálogo, a transparencia e o respecto entre as persoas que producen, intermedian e consumen coma ti, co obxectivo de **diminuír as diferenzas creadas entre ricos e pobres.**

O COMERCIO XUSTO GARANTE:

- Salarios **xustos** e condicións de traballo **dignas**.
- Parte dos beneficios das familias produtoras adócanse a mellorar a calidade de vida das súas **comunidades**, participando éstas na **toma de decisións**.
- Ausencia de explotación laboral **infantil**.
- Equidade entre **homes e mulleres**.
- **Respecto** ao medio e os Dereitos Humanos.
- Produtos de **calidade**.
- Relacións comerciais **xustas e equitativas**, evitando o enriquecemento inxusto de intermediarios e multinacionais e aumentando a **marxe** que reciben as familias produtoras do prezo que ti pagas (**¡3 veces máis!**)

COMO FUNCIONA?

Garáteselles un prezo mínimo de venda (para unha vida digna e igualitaria) e un extra para reinvestir na súa comunidade. Saben quen, cando e canto lles van pagar polo que poden facer plans con maior seguridade.

FACEMOS AS CONTAS?

Sostibilidade ambiental do planeta
(- agroquímicos e + fertilizantes naturais)
Sostibilidade social para as comunidades
(- carencias e illamento + educación e saúde)
Sostibilidade económica para as familias
(- vulnerabilidade a intermediarios/as e especuladores e + seguridade, organización social e poder de negociación)

**INCREÍBLE PERO CERTO,
TÍ TAMÉN PODES SER PARTE
DUN FUTURO MELLOR**